A subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación MARCO, para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei Xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación MARCO axústase ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo o desenvolvemento das actividades da Fundación MARCO, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu regulamento e cos Estatutos da Fundación MARCO (aprobados polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 29 de xullo de 2002), que foi impulsada polo propio Concello. Nos propios estatutos establécese que o Concello de Vigo, como entidade fundadora forma parte do Padroado e en virtude da súa aportación, adquiriu o compromiso estable no desenvolvemento da Fundación; enténdese que é a forma de levalo a cabo e contribuír ao sostemento do seu programa e funcionamento. Polo exposto, non procede a concorrencia competitiva en relación a esta subvención.

## 4. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

O orzamento xeral do programa obxecto da subvención ascende a un total de 1.227.820,00 € (un millón douscentos vinte e dous mil oitocentos vinte euros). Os ingresos previstos pola Fundación MARCO proveñen da subvención do Concello de Vigo (805.000 €, 65,56 % do total), e doutras subvencións ou achegas públicas, privadas, ingresos das actividades propias ou da asociación de amigos do MARCO (422.820,00 €; 34,44 %).

No orzamento prorrogado de gastos do Concello de Vigo de 2011 figura a partida 3340.489.00.03 "aportación Fundación MARCO" cunha dotación de 805.000 €.

## 5. GASTOS SUBVENCIÓNABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento da entidade e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta para o cumprimento dos seus fins, ao longo do exercicio 2012, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos establecidos nestas condicións de subvención.

O MARCO é o titular e responsable de todas as actividades subvencionadas. Isto quere dicir que todos os gastos derivados da programación deberán ser asumidos pola Fundación, tanto de contratación, produción, material gráfico, comisariados, como de dereitos de propiedade intelectual ou calquera outro tipo que xere un gasto. Asemade,

*todas as xestións derivadas da súa programación e funcionamento deberán ser xestionadas pola entidade subvencionada (solicitude de permisos, comunicacións, etc.). O Concello de Vigo non poderá asumir nin gastos nin xestións derivadas desta organización para o seu funcionamento.*

#### 6. IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

*A subvención do Concello de Vigo ao MARCO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.*

*O importe das subvencións ou axudas percibidas polo MARCO en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art. 17.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*

*O MARCO comunicará ao Concello de Vigo a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

#### 7. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-

- 1. Cumprir e organizar o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades.*
- 2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada polo MARCO, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, etc.*
- 3. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa desta subvención.*
- 4. Comunicar ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*

#### 8. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DA CONCELLERÍA DE CULTURA, FESTAS E POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO.-

- 1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades do MARCO e colaborar na súa viabilidade.*
- 2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

#### 9. MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCION E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.-

*A unidade xestora da subvención ao MARCO é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a Fundación MARCO informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento. En especial o MARCO obrígase a informar puntualmente ao departamento de Cultura do Concello de Vigo e coa antelación que se determine sobre a programación prevista, para incluíla na información cultural que se produza.*

*Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención, poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

#### 10. DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.-

*O MARCO adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo do seu programa de actividades e funcionamento, incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o MARCO, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar.*

*O MARCO asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á entidade como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellería da Área de Cultura e Festas, figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MARCO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*O MARCO comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar; harmonizando estes compromisos co respecto á liberdade de creación dos artistas.*

*O MARCO comprométese ademais á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.*

#### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.*

#### 11. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

*O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación MARCO do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2012, tras a resolución da concesión adoptada pola Xunta de Goberno Local, de acordo co seguinte calendario:*



- a) *Unha primeira achega, por importe de 201.250 € tras a aprobación da subvención pola Xunta de Goberno Local.*
- b) *Unha segunda achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de xuño de 2012 ou dentro dos dous meses seguintes á concesión.*
- c) *Unha terceira achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de setembro de 2012 ou dentro dos catro meses seguintes á concesión.*
- d) *Unha cuarta achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de novembro de 2012.*

#### DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

##### Para cada unha das achegas:

- a) *Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- b) *Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados, xunto co detalle dos gastos e ingresos.*
- c) *Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo; ou declaración responsable ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 7/2007 de subvencións de Galicia.*
- d) *Acreditación de ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. No caso de que algunha actividade dispoña de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas ao MARCO, o Museo achegará catro exemplares ao departamento de Cultura do Concello.*

*A primeira e a segunda achegas consideraranse pagamentos a conta da subvención outorgada.*

##### Para o trámite da primeira achega:

*Aportarase copia da póliza de seguro da colección fotográfica do Concello de Vigo depositada no MARCO, onde figurará como beneficiario o propio Concello.*

##### Para o trámite da terceira achega:

*Presentarase a documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación MARCO, relativo á liquidación do orzamento ordinario do ano anterior, do balance de situación, conta de resultados, etc. e certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade. Tamén se presentará o informe de auditoría externa previsto no apartado 4, do artigo 31 dos Estatutos, sen prexuízo daquelas outras auditorías ou controis que veñan esixidos pola natureza pública da subvención outorgada.*

##### Para a liquidación da subvención:

*Para a liquidación da cuarta achega, último pagamento da subvención, presentase a seguinte documentación antes do 30 de novembro de 2012:*

- 1) *Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- 2) *Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación MARCO, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
  - *Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).*
  - *Memoria de prensa.*

- *Memoria económica con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.*

*Tamén se xustificará o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acordo de concesión da subvención e incluírá os detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos polo MARCO para financiar a totalidade das súas actividades e funcionamento e deberá incluír na xustificación o importe, a procedencia, a data dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

*A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade da Concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar, despois dos informes técnicos necesarios.*

*A efectos de xustificar as condicións impostas e consecución de obxectivos da subvención outorgada, con cada solicitude de pagamento da subvención, a Fundación Marco presentará ao Concello de Vigo os seus estados contables, de tal forma que: a) a información necesaria para determinar a contía da subvención poida deducirse directamente dos estados financeiros incorporados á información contable de obrigada preparación polo beneficiario; b) a citada información contable fora obxecto de auditoría conforme ao sistema previsto no ordeamento xurídico ao que estea sometido o beneficiario."*

*A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*

#### 12. MODIFICACIÓNS OU CANCELACIÓNS DO PROXECTO SUBVENCIONADO.-

*O MARCO comunicará ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*

*A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art. 17.4 da citada lei).*

#### 13. ACEPTACIÓN DE OBRIGAS.-

*A concesión da subvención ao MARCO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### 14. VIXENCIA E PRORROGABILIDADE.-

*O presente acordo terá vixencia desde a data da súa aprobación até o 31 de decembro de 2012 e non é prorrogable.*

#### 15. RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.-

*A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación do presente acordo e a concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e*

*Política de Benestar queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento”.*

**12(350).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS, CO Nº F-00473-C-007, POR UN PERÍODO DE 6 MESES. EXPTE. 5441/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 14.03.12, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-007 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 5441/224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

**13(351).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A VITRASA, POR SERVIZO LANZADEIRA Ó CUVI, MESES XANEIRO E FEBREIRO DE 2012. EXPTE. 82111/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.03.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 2.03.12, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por convalidación das actuacións a favor da empresa Víguesa de Transportes S.L. por un importe de 177.281,64 € correspondente á factura do mes de xaneiro de 2012 e por un importe de 135.083,07 € correspondente ao mes de febreiro de 2012, polo servizo de transporte prestado á Cidade Universitaria, durante os meses de xaneiro e febreiro do presente ano, de conformidade coa base 28ª de execución do Presuposto Xeral para o exercizo 2012, con cargo á partida 4410.470.00.00 - “Subvencións Lanzaderas”.

2º.- Recoñecer a débeda a favor de “VITRASA” por un importe total de 312.364,71 € polos conceptos antes indicados, e con cargo á partida 4410.470.00.00- “Subvención Lanzaderas” do presuposte xeral vixentes.

**14(352).- MANTEMENTO DO SERVIZO DE LANZADEIRAS Ó CUVI DURANTE O ANO 2012, NAS MESMAS CONDICIÓNS EN QUE SE VIÑA PRESTANDO. EXPTE. 82112/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 2.03.12, conformado polo concelleiro de Xestión

Municipal e pola concelleira de Facenda, e co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1) Manter a modificación do sistema de transporte a Cidade Universitaria Lagoas Marcosende mediante lanzadeiras dende a praza de España e praza da América implantado na data 2 de maio de 2000, ata o 31 de decembro de 2012.

O servizo prestarase nas seguintes condicións :

**LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE AMÉRICA**

franja horaria	Frecuencia	Coches	Viaxes
8:10 a 9:10	10´	6	12
9:10 a 13:10	30´	2	16
13:10 a 16:10	15´	4	22
16:10 a 19:10	30´	2	12
19:10 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		78	

**LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE ESPAÑA**

Franxa horaria	frecuencia	coches	Viaxes
8:10 a 9:10	15´	4	8
9:10 a 13:10	30´	2	16
13:10 a 16:10	15´	4	22
16:10 a 19:10	30´	2	12
19:00 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		74	

<b>TOTAL DE VIAXES POR DÍA EN AMBAS LANZADEIRAS</b>	<b>152</b>
---	------------

1 viaxe cotiá praza de América-Cidade universitaria por Valadares ás 8,10 horas.

Os transbordos coas lanzadeiras poderán realizarse durante un prazo de 75 minutos dende a cancelación do primeiro viaxe.

2) Como contraprestación económica polo servizo prestado practicarase unha liquidación mensual coa seguinte formula:

$$(Pk^* (Kn/Dn - Ko/Do) - Pbn^*(Un/Dn - Uo/Do))*Dn$$

Onde

<b>Kn</b>	Km rodados ó mes en lanzadeiras + R7 (ano liquidación)
<b>Ko</b>	Km rodados ó mes en CUVIS + R8 (ano referencia 1999-2000)
<b>Un</b>	Nº usuarios lanzadeiras + R7 (ano liquidación)
<b>Uo</b>	Nº usuarios CUVI + R8 (ano referencia 1999-2000)
<b>Pbn</b>	Prezo billete
<b>Pk</b>	Prezo coche-km.
<b>Dn</b>	Nº días lectivos/mes (ano liquidación)
<b>Do</b>	Nº días lectivos/mes (ano referencia 1999-2000)

Se o resultado final da liquidación é menor que cero, VITRASA ingresaralle ao Concello a cantidade resultante no prazo de 30 días, se é maior que cero facturaralle ao Concello a diferenza mensualmente.

O prazo de vixencia do acordo prevese ate o 31 de decembro de 2012; non obstante e finalizado o curso 2011-2012 efectuarase a valoración dos servizos prestados, a ocupación das expedicións e a satisfacción dos usuarios podendo acordarse modificacións no período até a finalización da vixencia .

3) Aprobar o gasto, e a dispoñibilidade do crédito que se derive do contido da modificación do servizo proposta até un importe de 984.600.- € con cargo á partida 4410.470.00.00 Subvención Lanzadeiras do orzamento prorrogado vixente, correspondente ao ano 2012 .

**15(353).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE ASPANAEX, EN RELACIÓN COA CELEBRACIÓN DA XXVII MARCHA ASPANAEX. EXPTE. 82056/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 15.03.12, conformado polo concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 07 de xullo de 2011 por parte de ASPANAEX con NIF G36605905, por un importe de 4.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración da XXVII Marcha Aspanaex, por non producirse danos.

**16(354).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. EXPTE. 6477/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 14.03.12, conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se proceda a devolución de aval requirido a Construcciones Castro Figueiro S. L. U. por importe de 1.000,00 € por paso por zona verde en rúa Cronista Xosé María Álvarez Blázquez, xa que unha vez rematadas as mesmas o espazo utilizado quedou no seu estado orixinal.

**17(355).- DEPÓSITO TEMPORAL INDEFINIDO DA OBRA “ENTRANDO NA PRIMAVERA, PARQUE DE CASTRELOS” DE JOSÍAS FIGUEIRIDO RIVAS, GAÑADOR DUN ACCÉSIT NO I CERTAME DE PINTURA “ANTONIO QUESADA”. EXPTE. 4482/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones e León”, conformado polo xefe de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira de Cultura, Festas e Política do Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

Aceptar a doazón de D. Josías Figueirido Rivas da súa obra “*Entrando na Primavera. Parque de Castrelos*”, gañadora dun accésit no I Certame de Pintura “Antonio Quesada” para xoves creadores da comunidade galega; con destino à colección municipal de arte galega.

Do presente acordo darase conta á Xunta Reitora do Museo Municipal na primeira xuntanza que se convoque

Asimesmo o presente acordo será comunicado ao Servizo de Patrimonio para incorporación da obra no Inventario Municipal.

**18(356).- RECTIFICACIÓN ERROS ACORDO XGL DO 13.01.12 SOBRE O ABONO DE CUOTAS DA COMUNIDADE CALDAS DE REIS, 1, POLA VIVENDA OCUPADA POLO CONCELLO 2ºA. EXPTE. 19235/240.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 7.03.12, conformado pola concelleira de Patrimonio, que di o seguinte:

a) *A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 13 de xaneiro de 2012, adoptou o seguinte acordo:*

“*Antecedentes:*

1. O 2 de novembro de 2010 o xefe da Área de Benestar Social informa que o Concello de Vigo solicitou o 5 de febreiro de 2011 a prórroga da ocupación temporal do inmovible sito no 2º A da Rúa Caldas de Reis nº 1 por un período de dous anos.

2. O IGVS comunicou o 12 de marzo de 2010 a dita prórroga ata o momento que se produza a cesión gratuíta das vivendas de San Paio de Navia.

3. No citado informe o xefe de Área informa que procede o pagamento das obrigas económicas derivadas de dita utilización da vivenda, tal e como establece o acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de xullo de 2008.

4. A Comunidade de propietarios na sesión celebrada o 4 de febreiro de 2011 adoptou, entre outros, o acordo de manter as cotas mensuais ordinarias no exercizo 2011 en 50 euros

5. O 15 de xuño de 2010 o Concello fixo efectivo o pagamento correspondente as cotas da dita comunidade do período comprendido entre xullo de 2008 e xullo de 2010 polo que queda pendente de pagamento ata o 31 de decembro de 2011 as cotas que se sinalan a continuación:

Período	Importe mensual	Total
Xullo 2010- Decembro 2010 Ordinaria	50,00 €	(7*50)= 350€
Outubro 2010 a Decembro de 2010 Extra selector parada	10,00 €	(3*10)= 30€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011	50,00 €	(12*50)= 600€
Xaneiro 2011 a Febreiro 2011 Extra selector parada	10,00 €	(2*10)= 20€
<b>Total</b>		<b>1.000,00 €</b>

*Fundamentación xurídica:*

1. O Concello de Vigo está obrigado a facer fronte ao pagamento das cotas anteriormente mencionadas en virtude da aceptación da ocupación temporal do inmovible sito no 2º A da Rúa Caldas de Reis nº 1.

3. O estado actual das débedas anteriormente mencionadas é o seguinte:

Período	Importe mensual	Total
Xullo 2010- Decembro 2010 Ordinaria	50,00 €	(7*50)= 350€
Outubro 2010 a Decembro de 2010 Extra selector parada	10,00 €	(3*10)= 30€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011	50,00 €	(12*50)= 600€
Xaneiro 2011 a Febreiro 2011 Extra selector parada	10,00 €	(2*10)= 20€
<b>Total</b>		<b>1.000,00 €</b>

*Documentación achegada:*

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación:

- Copia da acta da Xunta Xeral Ordinaria do 22 de febreiro de 2011 onde se acorda manter a cota mensual para o exercizo 2011 en 50 euros e se actualiza o importe pendente de pagamento dos propietarios debedores.

- Informe do xefe da Área de Benestar Social no que se comunica a obriga de facer fronte as cargas económicas derivadas da utilización do inmovible sito no 2º A da Rúa Caldas de Reis nº 1.

Visto ó anterior, propónse a XGL, previo informe da Intervención Xeral, o funcionario que subscribe PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

**A C O R D O**

Autorizar un gasto de 1.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005.

Dispoñer un gasto de 1.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005 a favor da Comunidade de Propietarios Caldas de Reis nº 1 con NIF H36691129 en concepto de cotas pendentes correspondente a parte o exercizo 2010 e a totalidade do 2011.

b) Debido a un erro material, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL deixar sen efecto dito acordo e sustituílo polo seguinte

Informe-proposta:

“ 1. O 2 de novembro de 2010 o xefe da Área de Benestar Social informa que o Concello de Vigo solicitou o 5 de febreiro de 2011 a prórroga da ocupación temporal do inmovible sito no 2º A da Rúa Caldas de Reis nº 1 por un período de dous anos.

2. O IGVS comunicou o 12 de marzo de 2010 a dita prórroga ata o momento que se produza a cesión gratuíta das vivendas de San Paio de Navia.

3. No citado informe o xefe de Área informa que procede o pagamento das obrigas económicas derivadas de dita utilización da vivenda, tal e como establece o acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de xullo de 2008.

4. A Comunidade de propietarios na sesión celebrada o 4 de febreiro de 2011 adoptou, entre outros, o acordo de manter as cotas mensuais ordinarias no exercizo 2011 en 50 euros

5. O 15 de xuño de 2010 o Concello fixo efectivo o pagamento correspondente as cotas da dita comunidade do período comprendido entre xullo de 2008 e xullo de 2010 polo que queda pendente de pagamento ata o 31 de decembro de 2011 as cotas que se sinalan a continuación:

Período	Importe mensual	Total
Agosto 2010- Decembro 2010 Ordinaria	50,00 €	(5*50€) = 250€
Outubro 2010 a Decembro de 2010 Extra selector parada	10,00 €	(3*10€) = 30€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011- Ordinaria	50,00 €	(12*50€) = 600€
Xaneiro 2011 a Marzo 2011 Extra selector parada	10,00 €	(3*10€) = 30€
Xullo 2011 a Decembro 2011 rehabilitación obrigatoria de fachada	100,00 €	(6*100€) = 600€
<b>Total</b>		<b>1.510,00 €</b>

Fundamentación xurídica:

1. O Concello de Vigo está obrigado a facer fronte ao pagamento das cotas anteriormente mencionadas en virtude da aceptación da ocupación temporal do inmovible sito no 2º A da Rúa Caldas de Reis nº 1.

3. O estado actual das débedas anteriormente mencionadas é o seguinte:

Período	Importe mensual	Total



Agosto 2010 - Decembro 2010 Ordinaria	50,00 €	(5*50€)= 250€
Outubro 2010 a Decembro de 2010 Extra selector parada	10,00 €	(3*10€)= 30€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011- Ordinaria	50,00 €	(12*50€)= 600€
Xaneiro 2011 a Marzo 2011 Extra selector parada	10,00 €	(3*10€)= 30€
Xullo 2011 a Decembro 2011 rehabilitación obrigatoria de fachada	100,00 €	(6*100€) = 600€
<b>Total</b>		<b>1.510,00 €</b>

Na base de datos da contabilidade municipal figura que o importe dispoñible a nivel de bolsa de vinculación da que forma parte a aplicación orzamentaria a que debe imputarse o presente gasto é de 1.063,37€ a 28 de decembro de 2011.

Documentación achegada:

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación:

- Copia da acta da Xunta Xeral Ordinaria do 22 de febreiro de 2011 onde se acorda manter a cota mensual para o exercizo 2011 en 50 euros e se actualiza o importe pendente de pagamento dos propietarios debedores.

- Copia da acta da Xunta Xeral Ordinaria do 9 de xuño de 2011 onde se acorda manter un pago mensual de 100€ para facer fronte ao pagamento da rehabilitación obrigatoria de fachada.

- Informe do xefe da Área de Benestar Social no que se comunica a obriga de facer fronte as cargas económicas derivadas da utilización do inmovible sito no 2º A da Rúa Caldas de Reis nº 1.

#### A C O R D O

Autorizar un gasto de 910€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005.

Dispoñer un gasto de 910€ con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2120005 a favor da Comunidade de Propietarios Caldas de Reis nº 1 con NIF H36691129 en concepto de cotas pendentes segundo o seguinte detalle:

Período	Importe mensual	Total
Agosto 2010 - Decembro 2010 - Ordinaria	50,00 €	(5*50€)= 250€
Outubro 2010 a Decembro de 2010 Extra selector parada	10,00 €	(3*10€)= 30€
Xaneiro 2011 a Decembro 2011- Ordinaria	50,00 €	(12*50€)= 600€
Xaneiro 2011 a Marzo 2011 Extra selector parada	10,00 €	(3*10€)= 30€
<b>Total</b>		<b>910,00 €</b>

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(357).- REVISIÓN DE PREZOS POLO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ADXUDICADO A CONTENUR S.L. EXPTE. 19328/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 25.01.12, conformado pola concelleira de Contratación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de marzo de 2005, adoptou o acordo de adxudicar a Contenur, S.L., o Lote II Parques infantís do do concello de Vigo, do concurso convocado para a contratación de mantemento e conservación de parques infantís do Concello de Vigo, por un prezo anual de 237.704,16 euros/ano, segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación e a oferta presentada. O prazo do contrato é de oito anos, contados dende o 1 de maio de 2005.*

*A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula IV de prego de cláusulas Administrativas que rexeron a contratación, que recolle o seguinte:*

*“ 1.- O prezo de adxudicación do contrato será obxecto de revisión automática ó 1 de xaneiro de cada ano de vixencia do contrato.*

*2.- A primeira revisión terá lugar o 1 de xaneiro de 2006, e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional entre o periodo que medie entre a data de apertura de plicas e o 31 de decembro de 2005”.*

*Non obstante ó anterior, na cláusula 4º do contrato administrativo firmado entre as partes, recollese que o prazo do contrato comenzará a contar dende o 1 de maio de 2005.*

*A última revisión de prezos do contrato foi aprobada na XGL de 16 de maio de 2011, fixando o prezo para anualidade comprendida entre o 1 de maio de 2010 e o 30 de abril de 2011, na cantidade de 343.734,59 euros.*

*Para efectuar a revisión solicitada deberase aplicar ó prezo anteriormente citado sen iver o incremento do IPC abril 2010/2011 que según datos do INE foi de 3,8%.*

*Prezo total revisado sen iver: 292.125,70 euros ( periodo maio 2010-abril 2011, aprobado XGL 1/05/2011) 1,038 = 303.226,47 euros X 1,18 = 357.807,23.*

*Os atrasos correspondentes ó periodo de 1 de maio de 2011 a 31 de decmbro de 2011 ascenderán a:*

*Prezo mes revisado sen iver: 25.268,87- Prezo mes anualidade anterior sen iver: 24.343,81 = 925,06 X 1,18 =1.091,57 euros/mes.*

*1.091,57 X 8 = 8.732,57 euros.*

*Polo exposto proponse a XGL, previo informe de Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O*

*Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de mantemento e conservación de parques infantís do Concello de Vigo, adxudicado a empresa Contenur, S.L., pola Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2005, fixando dito prezo a partir do 1 de maio de 2011 na cantidade de 357.807,23 euros, iver engadido.*

Segundo.- Recoñecer a empresa en concepto de atrasos polo periodo de 1 de maio de 2011 a 31 de decembro de 2011 a cantidade de 8.732,57 euros.

Terceiro.- Dito gasto podera imputarse a partida 1710.2279902 do presuposto.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(358).- GASTOS LOCOMOCIÓN NOV. 2011-FEBR. 2012. EXPTE. 22925/220.**  
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.03.12, e de acordo do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 13.03.12, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 7.937,48 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en D. Santiago Alonso Ferragud-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
66084-250	Vías e Obras	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	Febreiro 2012	120,02 €
66083-250		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Febreiro 2012	300,01 €
66106-250		Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Febreiro 2012	300,77 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Febreiro 2012	301,34 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Febreiro 2012	287,47 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Febreiro 2012	163,15 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Febreiro 2012	300,01 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Febreiro 2012	288,23 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Febreiro 2012	298,87 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Febreiro 2012	270,18 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Febreiro 2012	281,39 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Febreiro 2012	295,07 €
5571/5572-320	Part. Cidadá	Zaragoza Bastos, Juan	35.997.115-E	17704	Xan.-Feb.- 2012	102,98 €
8769-77	D.Local e Em-prego	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Febreiro 2012	38,95 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Xaneiro 2012	623,20 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Xaneiro 2012	572,09 €
82102-210	Mobil.Trans.e Seg	Alonso González, José Ramón	36.026.001-C	15208	Febreiro 2012	159,22 €
82103-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Febreiro 2012	175,75 €
82104-210		Rodríguez Caramés, José Manuel	35.547.314-D	15355	Febreiro 2012	194,94 €
